



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento

ASEMBLEA XERAL DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD SÁBADO 22 DE MAIO, CAMBADOS

A Coordinadora Galega de ONGD celebra a súa a Asemblea Xeral coincidindo co recorte de 600 millóns de euros en Axuda Oficial ao Desenvolvemento por parte do goberno español

A xuntanza terá lugar o próximo sábado día 22 de maio no Centro Comarcal de Salnés, en Cambados

Santiago de Compostela. A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (CGONGD) celebra este sábado día 22 de maio a súa Asemblea Xeral Ordinaria no Centro Comarcal Salnés, en Cambados. A reunión celebrarase coincidindo coa aprobación, por parte do goberno español, dun recorte de 600 millóns de euros en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) que pon en moi serio perigo o compromiso de chegar o 0,7% da Renda Nacional Bruta (RNB) en AOD o ano 2012. A CGONGD posicionouse esta semana en contra das políticas de recorte social aprobadas para paliar as consecuencias da crise financeira. Una crise que afecta de forma directa as persoas que non contribuíron a xerala e que viven en condicións desfavorables, sobre todo nos países empobrecidos.

En tres anos (de 2009 a 2011) o executivo liderado por José Luis Rodríguez Zapatero ten previsto rebaixar un 19,5% o orzamento dedicado a AOD. Esta realidade, sumada a política de austeridade do goberno da Xunta que levou ao recorte do 16% do orzamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE este mesmo ano, obriga aos actores de cooperación a exixir o cumprimento dos compromisos asumidos polos gobernos en materia de AOD.

Na Asemblea Xeral, que comezará as 10 da mañá, trataranse tamén outros temas de interese para o sector da cooperación e votarase a aprobación a posible integración de tres novas ONGD na Coordinadora Galega: ACSUR- Las Segovias, Asociación 1º de Maio e Fundación Balms. Tamén pasarán por votación as liquidacións de contas do exercicio anterior e o orzamento definitivo para o 2010, entre outras cousas.



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento

Presentación do traballo feito

As Comisión de Traballo da propia CGONGD, formadas por integrantes de ONGD con delegación permanente en Galicia, presentarán na Asemblea Xeral o traballo feito nos últimos dous anos e as liñas estratéxicas para os próximos meses.

E así como as **Comisións de Comercio Xusto, Xénero, Educación para o Desenvolvemento, Incidencia Política e Normativa** darán a coñecer a todas as ONGD integradas da Coordinadora os logros acadados ata o momento.

Dende 1991, son moitas as ONGD que traballan buscando o fortalecemento do Terceiro Sector e impulsando a conformación dun novo axente de cooperación, a Coordinadora, que as represente como axente único, perante as Administracións públicas e a cidadanía. O momento asembleario deste fin de semana representa o funcionamento democrático e participativo da organización da sociedade civil arredor dos valores da xustiza e a solidariedade.

ASEMBLEA XERAL DA COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO (CGONGD) EN CAMBADOS

Sábado, **22 de maio** de 10 a 14 horas.

Acto de apertura da Asemblea as 10 horas coa presenza do alcalde de Cambados, Don Luís Aragunde

Centro Comarcal Salnés (Paseo da calzada s/n). Cambados

Para máis información ou concertación de entrevistas:

Área de comunicación e sensibilización da CGONGD

Tel: 981585189

Móbil: 618626627

sensibilización@galiciasolidaria.org